

Letras Galegas 2018




*"A miña relación con Galicia
e a miña opción pola súa lingua
é simplemente unha historia de amor"*

**F
R
O
E
B
E
L**

MAGAZINE

2017/2018



LIMIAR

Novamente, aquí estamos coa nosa revista: O “**Froebel Magazine**”. Unha publicación que tenta recuperar ese espírito orixinal das revistas escolares, mostrando unha breve, pero intensa visión do que foi o noso curso escolar.

Obviamente, non puidemos recoller todas as actividades que realizamos ao longo deste curso 2017/18, que chega xa ao seu fin, pero permítenos recordar meses de traballo compartido e moitas das iniciativas que non poderíamos levar a cabo sen a vosa colaboración.

No fondo, estas páxinas mostran a esencia do que debe ser a nosa escola, unha institución aberta a vosa colaboración e que ten como primeira referencia a busca dun ensino de calidade para todos o noso alumnado.

Un saúdo dende o equipo de dinamización da lingua galega.



ÍNDICE

| | |
|------------------------------|----|
| • UN PASEO POLO BOSQUE | 3 |
| • SAMAÍN | 4 |
| • MAGOSTO | 5 |
| • NADAL | 5 |
| • DÍA DA PAZ | 5 |
| • ENTROIDO | 6 |
| • VISITA A SANTIAGO | 7 |
| • SALÓN DO LIBRO | 8 |
| • DÍA DO LIBRO | 9 |
| • SEMANA DA FROITA | 10 |
| • OS MAIOS | 10 |
| • VISITA A SAN SIMÓN 3 ANOS | 12 |
| • POEMAS 4 ANOS | 14 |
| • VISITA Á ESCOLA NAVAL 2º | 17 |
| • INTERCAMBIO CATANIA | 18 |
| • DÍA ROSALÍA DE CASTRO | 20 |
| • 1º CURSO | 21 |
| • 2º CURSO | 22 |
| • 3º CURSO | 23 |
| • 4º CURSO | 25 |
| • 5º CURSO | 29 |
| • EDUCACIÓN FÍSICA | 31 |
| • DÍA DAS LETRAS GALEGAS | 33 |
| • CERTAME POEMAS | 35 |
| • CONCURSO CONTOS | 37 |
| • GRADUACIÓN INFANTIL | 39 |
| • DESPEDIDA DE SEXTO | 40 |
| • GUÍA LECTURAS PARA O VERÁN | 45 |

PDI “UN PASEO POLO BOSQUE”

Realizáronse **Exposicións orais** duns cursos a outros. Cada curso tivo que facer a exposición sobre distintos aspectos da árbore que lle correspondeu no primeiro trimestre.

No segundo trimestre tratamos os animais do bosque.

E, no terceiro, plantas aromáticas e medicinais



Por mor do proxecto que viñemos realizando durante todo o curso, **UN PASEO POLO BOSQUE**, visitamos o pazo de **Lourizán** e as súas instalacións, para tomar contacto coa natureza e aprender moito máis sobre o mundo das árbores.



SAMAÍN

Celebramos o **Samaín** con música, merendas tenebrosas e moitísimo medo que nos produciu a lectura de contos terroríficos na que participaron todos os cursos e que resultou un éxito.

Algúns deses contos pódense escoitar na radio, xa que o día 26 de outubro o noso alumnado participou, unha vez máis, no programa de radio escolar **Onda Cero**.



Tamén fixemos un **concurso de cabzas** no que temos que felicitar a todas as familias pola enorme participación e creatividade que ano tras ano nos asombra e deleita.



MAGOSTO

Outra das nosas clásicas celebracións foi a do Magosto. Moitas castañas, xogos populares e unha xornada de convivencia entre todo o alumnado da escola. Aquí vos quedan algunhas das fotos.



NADAL

Polo NADAL tivemos **Contacontos** organizado polo Equipo de nais lectoras para todo o colexio. A obriña representada foi: "Aos Reis Magos non lles gustan os caramelos de menta" e podemos dicir desas nais, que ademais de ler ben, son unhas grandes actrices e fixéronnos pasar un rato moi divertido.

Visitounos o **APALPADOR** e os **REIS MAGOS**, aos que o alumnado lles fixo entrega das súas cartas coas súas peticións.



E, coma sempre, tivemos o **Concerto Navideño da Banda de Música da Escola Naval de Marín**.



DÍA DA PAZ

O martes, 30 de xaneiro, celebramos o Día da Paz cun acto no que

houbo dramatizacións, recitado de poemas, composición dun precioso mural e que rematou coa canción "**Celebra la vida**".



ENTROIDO

No **ENTROIDO** celebrouse unha festa no colexio con desfile de disfraces por curso segundo o tema traballado no PDI (animais do bosque), degustación de doces típicos: orellas, filloas... e baile libre.

Para a preparación de disfraces houbo unha grande colaboración de nais e pais .



VISITA A SANTIAGO

O 13 de marzo, estivemos en **Santiago de Compostela**, o alumnado de sexto xunto co alumnado da **escola Cavour de Catania**, co obxectivo de visitar o noso Parlamento e mostrarlles aos nosos invitados a cidade e por suposto a catedral.





SALÓN DO LIBRO

Participamos no Sal3n do Libro co tema **“MULLERES DE CONTO,
HA, HA, HA!...Esta vez voucho contar
eu”**



DÍA DO LIBRO

Este ano celebramos o **Día do Libro** saíndo a gozar da lectura á Praza de Concepción Arenal.

Fixemos lecturas compartidas entre os diferentes cursos : 1º con 2º; 3º con 4º; e 5º e 6º cos Infantís

A experiencia resultou moi gratificante para todos e pensamos repetila en máis ocasións.



SEMANA DA FROITA

Dentro das iniciativas que estamos a desenvolver para promover hábitos saudables de alimentación está a nosa semana da froita!



OS MAIOS

Nesta celebración participamos co noso maio e a súa coroa.

Levamos dous premios: **4º en interpretación e 3º en coroa.**

O mellor desta actividade é o ambiente de cooperación que se crea entre as familias, a ilusión dos rapaces e a participación nunha festa tradicional que depende de todos nós a súa permanencia.

Sabemos que é un labor de equipo, que dependemos do apoio das familias para poder realizala e agradecemos profundamente a vosa colaboración.





COLEXIO FROEBEL 2018

Benquerida primavera
canto te fas esperar,
meses de choiva e de frío
ata por fin esperar!

As novas obras de Rande
aínda están con andamaxe
pero ben listos andaron
para subírnos a peaxe.

Esquecen que son maiores
e ata algúns poden ser catvos
pero saben contar ben,
que son vellos e non parvos.

Ameazan con mísiles
Kim Jong-Un e Donald Trump
nós temos a velutina
esa si que é mortal.

Foron moitas as novenas,
rogativas e promesas,
para que o ceo parase
e rematar a coa seca.

O turismo que nos chega
trae o táper da comida
e rechea as botellas
coa auga da traida.

Dignos son de ter en conta
que son moitos a votar,
o goberno ben o sabe,
xubilados a loitar!

Enrían espías rusos
“pra” loitar coa velutina,
espallan pos moi letais,
chámamle a “putintoxina”

E con tanta rogativa
entre choivás e saribas
todos a pique estivemos
de mudar pulmóns por
branquias.

Este ano non se fala
de Messi nin de Cristiano,
xa temos a Puigdemont
e aos conselleiros fugados.

Xa hai drons sobrevoando
por enriba dos galpóns,
trátase do catastrozo,
iso si que é un filón.

O “máster class” de Cifuentes,
Santa Cristina bendíral!
resultou ser unha farsa
como o timo da estrampita.

Hoxe cantamos aquí
vimos con moita ilusión
e sacar un contratiño
para ir a Eurovisión.

Que non hai hora no día
nin día de cada mes
que non nos conten se come,
se pasa ou dorme ben.

O berberecho é cativo
a babosa ten verdello
queixanse as mariscadoras
desde Poio a Corrubedo!

O de ter titulación
parece que está de moda
e mentir coa boca chea
agora e o que máis mola.

Nesta praza tan fermosa
antes de ferreiros chea
hoxe escoitamos gozosos
os cantos da primavera.

Por Europa anda de xira
e habita grandes mansións
pero o pobriño subsiste
a costa das doazóns.

O alcalde ben presume
de cidade moi moderna,
máis con todo, pola noite,
temos que andar con lanterna.

Coa serie de Fariña
foiselles un pouco a man
Sito semella un heroe
e iso non ha de ser tal.

Temos o corazón negro
con tanto monte queimado
custou encontrar madeira
para facer máis este ano.

O pontevedrés, Raxoi,
recorrou en orzamento
esqueceuse dos galegos
“pra” investir en armamento.

Do outro lado do charco
temos a Maduro e Trump.
Que ben se xuntos marcharan
a unha órbita espacial!

Moitas grazas aos colexios
por non poñer luz nos malos
que coas luces de Nadal
xa houbo moitos desmatos.

Os barcos que navegaban
Lérez, Nova York, Miami,
cando baixa a marea
encallan coma o Titanic.

E anunciou moi orgulloso
ao grupo de xubilados,
o que penson que sería
a gran subída do ano.

Os asesores de Trump
traballan todos con medo
pois como esbirren ou tisan
teñen o relevo feito.

A nosa quenda acabou
que os demais queren subir
moita sorte para todos
xa podeades aplaudir.

VISITA A SAN SIMÓN

Os nenos e nenas de 3 anos tivemos a nosa primeira excursión. Visitamos un sitio moi especial!

Antes de chegar á illa tivemos que esperar un anaquiño polo barco



Xa no barco a viaxe prometía...



Exploramos a illa e fixémonos sentir



Sentamos a comer para reponer forzas, que aínda quedaba moito día



A xogaaaaaar...




Toca despedirse da illa, que ben o pasamos e algúns que cansos chegamos



INFANTIL 4 ANOS





2

BARCO PESQUERO
QUE BUSCA PECES

Y ENCUENTRA SIRENAS
ENCANTADO

LLEVAN Y TRAEN
AL MARINERO

DE UNO A OTRO CONFÍN
COMO A UN PIRATA
QUE A TIERRA NO PUEDE VENIR

VISITA Á ESCOLA NAVAL

O 21 de maio, os rapaces e rapazas de segundo, fomos invitados polo pai do noso compañeiro Hugo Ramos á Escola Naval de Marín.

Primeiro fomos ao simulador de tiro. Logo visitamos os simuladores de navegación, onde navegamos ata Ons e ata as Canarias. Foi moi divertido!!!



Tamén visitamos a biblioteca. Hai máis de 22.000 libros e un deles ten máis de 500 anos!!



Subimos a dous barcos... Estivemos no museo que tiña maquetas, torpedos, uniformes, camas, armas, trofeos...

Ao final fomos a ver os helicópteros como aterraban e como despegaban.



PASÁMOLO XENIAL!!!

XIX INTERCAMBIO / GEMELLAGGIO SCUOLA CAVOUR / CEIP PLURILINGÜE FROEBEL

Son 19 os anos que o colexio Froebel desenvolve esta experiencia de intercambio para os alumnos de 6º curso coa Scuola Cavour de Catania en Italia, apostando por experiencias de aprendizaxe diferentes.

Iniciamos o curso practicando semanalmente nunha das horas de lectura un pouquiño de italiano. Así, pasiño a pasiño, chegamos ao mes de marzo con algo de vocabulario, expresións básicas e moitas gañas de coñecer aos compañeiros italianos.

Do 11 ao 20 de marzo:



Aquí compartimos 9 días de clases, saídas, vida en familia.....moi diferente para eles que viñan do sol; e a choiva non nos quixo deixar aquela semana... Damos as grazas a todas as familias de 5º e 6º curso, que abriron as portas das súas casas e brindaron todas as súas posibilidades para facer o máis grata posible a súa estanza por Pontevedra.

Xa en maio viaxamos a Italia do 11 ao 22 , facendo escala en Roma.



Qué mellor lección de arte, historia, gastronomía que estar :

- Dentro da Basílica de San Pedro no Vaticano...
- Paseando polas prazas dende O Poppolo a Navona, pasando pola Fontana de Trevi....

- Dentro do Coliseo...
- Frente ao Moisés,...
- Comendo pizza e pasta de todos os xeitos imaxinables!!!!!!

E chegamos a Catania, ao pé do Etna.



Están nunha familia que non é a súa, pero séntense acollidos queridos.

Por unha semana van a outra escola con normas e sistema educativo diferente, pero están cos seus compañeiros italianos. Coñecer outro país, cultura, costumes, idioma é moi importante para todos os rapaces participantes.

Ademais de vivir unha gran aventura, van gañando autonomía, sentíndose máis seguros, tranquilos a hora de enfrontarse a situación e lugares descoñecidos.



É unha oportunidade de superar medos e prexuízos, de achegarnos a outras culturas e enriquecernos tanto persoal como culturalmente.

DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

No noso centro xa levamos varios anos celebrando o día de Rosalía. Este 24 de febreiro

aparece recollido no Calendario do Libro e da Lectura publicado pola Secretaría Xeral de Cultura, para lembrar o aniversario do nacemento da escritora referencial da literatura galega.

Decoramos as aulas, fixemos murais, lecturas dos seus poemas...



Pasan naquesta vida
cousiñas tan estrañas,
tan raros feitos vense
neste mundo de trampa;
tantos milagres vellos,
tan novas insinanzas,
e tan revoltos allos
con nome de ensaladas,
que non che digo nada...

Pero, ivaia!

Rosalía de Castro. Cantares Gallegos



1º CURSO

O día 24 de febreiro celebramos o día de Rosalía de Castro. Un exemplo dos traballos realizados é a seguinte composición. Esperamos que vos guste!

Campanas de Bastavales

Campanas de Bastavales,
cando vos ois tocar,
móstrame de soidade.

Cando vos ois tocar,
campaniñas, campaniñas
sin querer tornos a chorar



MATEO 1º A

2º CURSO

Neste curso realizamos diversos **Obradoiros de Pais/Nais**: de Emocións, Hixiene buco-dental, Pintura...



3º CURSO

OS PIRATAS DE SAN SIMÓN

A illa de San Simón é unha illa que pertence ao arquipélago de San Simón, xunto coa de San Antón e outro pequeno illote na ría de Vigo.

Sabiades que ao longo da súa historia a illa acolleu mosteiros que foron saqueados en numerosas ocasións por piratas, como o temible Francis Drake?

Ou que foi un lazareto, persoas enfermas de lepra eran deixadas nesta illa ata que morrían.

Tamén foi unha prisión para aquelas persoas que pensaban de distinta maneira ao réxime franquista. Moitos deles foron fusilados na illa de San Antón, unida á de San Simón por unha pequena e bonita ponte de pedra.

E no último que se converteu foi nun centro de formación para nenos e nenas orfos.


Como vedes é unha illa que merece ser visitada.

Entre as cousas que máis nos chamaron a atención destacamos estes lugares tan máxicos:

A praza dos Poetas do Mar que é o primeiro que atopamos ao desembarcar na illa. Alí están as esculturas en granito de tres trobadores da ría de Vigo: Mendinho, Jhoan de Cangas e Martín Códax.

A capela de San Pedro, onde estiveron diversas ordes relixiosas e, tamén, os Cabaleiros da Orde dos Templarios.

Pasamos un pouco de medo cando nos ensinaron o cemiterio de San Antón, onde repousaban baixo terra os restos de piratas ingleses e de presos políticos.



Pero aínda hai máis... Tamén é unha illa de conto e lenda que cautivou a Julio Verne. Xa que no seu libro de ciencia ficción: 20.000 leguas de viaxe submarina, situou o ataque do Nautilus a mando do capitán Nemo, en San Simón. De feito podedes ver unha placa conmemorativa nesta illa dedicada ao escritor francés e unha escultura del e de dous buzos rescatando o ouro dos galeóns afundidos, no medio do mar.

Hoxe en día tamén se coñece este lugar como a illa do pensamento, un espazo natural protexido onde se fomenta a cultura coa idea de atraer pensadores de relevancia internacional.

Xa sabedes, podedes gozar deste Ben de Interese Cultural en familia calquera fin de semana de verán.

Agárdanvos aventuras de piratas e a partir de pistas atopar o tesouro escondido. Nós case o conseguimos porque non é nada fácil. Non vos creades. Nós somos uns piratas moi listos... Volverémolo intentar noutra ocasión!

Esperamos que vos guste. A nós, ENCANTOUNOS!!



Saída San Simón:

O pasado 15 de maio os nenos de infantil,

3º, 4º e 5º visitamos a Illa de San Simón e San Antón.

Pola mañá, nada máis chegar coñecemos o famoso Paseo dos Buxos pero, por mor dunha praga de vermes non puidemos pasar.

Contáronnos que dende a Idade Media foi inspiración de coñecidos trobadores coma Mendinho, Johan de Cangas e Martín Codax, os tres co busto na illa en lembranza deles.

Despois fomos ver o comedor dos presos e, máis tarde a Igrexa. Alí contáronnos a historia duns monxes que se foron da illa porque apareceran piratas moi malos. Un deles foi Francis Drake.

Coñecemos o edificio que fora un hospital, o Lazareto. Na illa San Simón situábase o Lazareto Limpo onde se coidaban enfermos.

Unha vez coñecida a Illa San Simón, fomos ver a outra illa, que se chama San Antón, na ponte que une ambas illas contáronnos que na illa de San Antón había outro hospital, o Lazareto Sucio, onde coidaban aos enfermos sen posibilidades de curación. A este hospital só tiñan acceso as monxas que os coidaban. Ambas illas uníanse por unha ponte e como os enfermos eran moi contagiosos as illas separábanse por dous grandes portalóns para evitar contagios.

Descubrimos que despois pasara a ser un cárcere. Este cárcere non era un cárcere calquera senón que era un onde non había ladróns, alí enviaban as persoas que non pensaban coma o gobernante, é dicir, se o gobernante pensaba dunha cor os demais tiñan que pensar na mesma cor.

Dende o patio de presos, puidemos contemplar, no mar a figura do Capitán Nemo ao que acompañaban dous mergulladores que lembran o capítulo de "Veinte mil leguas de viaje submarino" de Julio Verne no que o famoso capitán e o seu equipo se apoderan dos tesouros agochados na Ría durante a batalla de Rande.



A obra, realizada polos escultores Sergio Portela e Mocho Lastra pero, só se pode ver no seu conxunto cando hai marea baixa.


Na illa San Antón había moitas máis cousas como o cemiterio, o museo, o cagarrón e un miradoiro onde nos deixaron berrar dentro.

No museo situado en San Antón, vimos unha maqueta dun barco moi grande.

Mais tarde, explicáronnos que o Lazareto pasaría a ser unha residencia de verán para membros da Garda e remataría sendo un orfanato para orfos de mariñeiros.

Pola tarde, despois de visitar a Illa de san Simón e san Antón comemos e fixemos un xogo de procura do tesouro que trataba de percorrer as illas na procura de todas as pistas, en total había 16 pistas.

En xeral, chegamos ata á pista 12, porque xa nos tiñamos que marchar das Illas pero, o pasamos xenial.



Facemos circuítos con plastilina:

Os nenos e nenas de 4º coñecemos as propiedades da materia, entre estas descubrimos a propiedade condutiva e illante dalgúns materias.

Neste artigo os nenos e nenas de 4º explicaremosvos como o fixemos:

Circuítos de plastilina:

Materias: 4 pilas de 1,5 voltios (ou unha pila de 9 voltios), un soporte para pilas con cables, algúns LED, un motor de xoguete, un zumbador ...

Plastilina condutiva: 1 ½ cuncas de fariña, 1 cunca de auga, 1/4 cunca de sal, 3 culleradas de crema tártaro (ou 9 culleradas de zume de limón), 1 cullerada de aceite de cociña e colorante para alimentos.

Plastilina illante: 1 ½ cuncas de fariña, 1/2 cunca de azucre, 3 culleradas de aceite e ½ cunca de auga destilada.

Procedemento:

Plastilina condutiva: Mestura todos os ingredientes excepto ½ cunca de fariña nunha pota. Pon a pota a fogo medio, revolvendo constantemente. Engade o colorante para alimentos (isto diferenciará os dous tipos de masa). A mestura comezará a ferver e a engrosarse. Segue revolvendo ata que se forme unha bóla no centro da pota. Logo retira a pota do lume.

PRECAUCIÓN: A masa está moi quente! Deixa que arrefría antes de manipulala. Unha vez arrefriada, mestura a fariña ata que este firme pero que se poida moldear.


Plastilina illante: Mestura os ingredientes sólidos nunha pota, deixando ½ cunca de fariña, de auga destilada e o aceite. Engade á mestura un pouco de auga destilada ata que este húmida e tome textura de masa, cócea a lume medio ata formar unha bóla sen deixar de remexer. Unha vez lograda a bóla, déixaa arrefriar, sácaa da pota e pouco e pouco amasa coa fariña ata conseguir a consistencia desexada. Dado que o sal corroe os metais, temos que limpar todo o material despois de usalo.

Hipótese: Que pasaría se xuntamos dúas bólas de plastilina condutiva?
Como podemos acender un Led coa nosa plastilina? Acenderá o Led de calquera xeito? Como poderemos facer un circuít simple? Como podemos facer un circuít en serie? Como podemos facer un circuít en paralelo?


Conclusións: Despois de realizar varias probas, chegamos ás seguintes conclusións:

Un led acenderá se nunha bola condutiva poñemos unha pata do Led e noutra bóla a outra pata, para acendelo temos que fixarnos que a pata positiva do Led (a mais longa) vaia na bóla do cable positivo, **ánodo** (vermello) e a outra pata se coloque na mesma bóla do cable negativo, **cátodo** (o negro). Este sería un **circuít simple**.

Se xuntamos dúas bólas de plastilina condutiva o led non acende, prodúcese un **curtocircuít**.







Podemos facer un **circuíto protexido por illante** se xuntamos unha bóla condutiva, unha illante e outra condutiva. As patas do Led terán de poñerse nas bólas de plastilina condutiva.



Facendo o mesmo circuíto anterior pero con dúas luces led realizaremos un **circuíto en paralelo**.



Para facer un **circuíto en serie** facemos un camiño, por exemplo con tres bólas condutivas e dúas illantes e poñemos os bornes das nosas pilas nos extremos do camiño. As luces Led acenderán pero con menor intensidade xa que perderá potencia polo camiño.



5° CURSO A



Encantounos a actividade de Ludantia!

Nesta actividade puidemos experimentar o divertido que é construír.

Alí atopamos impresionantes formas e figuras coas que darlle forma a nosa imaxinación. Fixemos dende o Taj Mahal ata unha gran esfera ou figuras abstractas.

Tamén había salas nas que podías vivenciar moitas cores e xogar na escuridade.

Pasámolo xenial!



5º CURSO B

Este curso foi diferente. Dicimos isto porque tivemos moitísimos profesores, moitísimos exames... e deberes... Moi agobiante!

Xa a primeira semana empezamos cos exames. Tivemos como titor a Manuel, que xa antes nos dera clase de inglés.

Por outra parte tivemos moitas excursións.

No “Samaín” a cada clase lle tocou unha árbore, a nós o Ameneiro, co que fixemos un rap: “Ameneiro, Ameneiro eu son o primeiro! Ameneiro, Ameneiro o ritmo do rapeiro!” Todo un espectáculo!

O profesor Manuel odia que fagamos parvadas, mais a nós encántanos e por iso fixemos “O buzón de parvadas”. Nel botamos todas as cousas que enchoupan a nosa cabeza. Tamén chegou un neno novo. Antes non se portaba moi ben... pero agora xa é un dos nosos.

Como este ano estamos en 5º, tocounos facer o “Apadriñamento Lector” cos nenos de infantil. Cada un de nós tiña que escoller un conto para lle contar a un neno de 5 anos. Fíxonos moita ilusión!

Ao noso profe ocorrúeselle crear o “Collejator”, mais aínda non existe na realidade. Era un armatoste que tiña que ver coa súa obsesión cos que fan parvadas...

Falando de que tivemos moitas saídas, quedamos sen unha por un incidente do cal non imos contar nada.

Seguindo coas saídas, o noso profe foise de intercambio cos de sexto. Mentres, nós fomos de

excursión á illa de San Simón e cando o profesor Pedro sacaba unha foto saíulle voando o sombrero e caeu na auga (o sombrero, non o profe).

Cremos que con isto xa temos resumido todo o curso. Mais aínda quedan moitas peripecias que nunca quedarán no esquezo.

E sen máis rematamos, agardando que o vinderiro curso sexa tan bo ou mellor ca este.



EDUCACIÓN FÍSICA

Dende a área de Educación Física este ano traballamos con dúas ideas ben definidas: por una banda, promover actividades físicas saudables e atractivas para o alumnado, queremos tempo de ocio activo! E, por outra banda, propoñer contidos que lles supoñan o desenvolvemento de competencias clave.

Neste contexto, houbo actividades que resultaron ben; coma as xornadas de campo a través, ou os encontros deportivos entre centros de Pontevedra; outras que teñen marxe de mellora, coma as actividades de xogos populares; e outras que debemos repensar coma a falta de espazos abertos cos que contamos.

Pero hai dúas actividades que quixeramos destacar dun modo especial: O traballo de primeiros auxilios realizado na clase de 2º e a ruta de sendeirismo polo Salgueiral co grupo de 4º. Estes son os motivos:



Son numerosos os estudos que destacan a importancia de traballar dende as primeiras idades contidos relacionados cos primeiros auxilios e, ademais, é un dos nosos traballos a realizar dentro do currículo de EF. Así, nun exercicio de colaboración familia-escola as sesións de EF puideron continuar coa visita de Antonio que coma Técnico do 061 presentounos e explicounos os distintos materiais que empregan así como a organización dunha ambulancia.

Unha gran xornada que esperamos poder repetir.



A colaboración de institucións coma o Concello de Pontevedra ou a Comunidade de Montes do Salgueiral son as que permiten desenvolver actividades de tipo complementario coma a ruta de sendeirismo que imos a presentar.



Mañá de camiñada por unha zona do río Almofrei, moi preto da nosa cidade, cun patrimonio etnográfico e paisaxístico moi importante e que resultou un exemplo de actividade interdisciplinar. Ben é certo que os dous guías de foron de gran axuda para engadir o punto exacto de ciencias naturais, valores ou etnografía.



Coma sempre, mais fotos dentro do blog, que aquí vos deixamos.
<http://uncolexioenforma.blogspot.com/> Saúdos!



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018

María Victoria Moreno, escritora e profesora, que residiu a maior parte da súa vida na nosa cidade, foi a galardoada coa celebración do Día das Letras Galegas deste ano.



Chegou a Galicia en 1963, con só 22 anos, como profesora e axiña asumiu a cidadanía en galego, idioma no que enriqueceu as nosas Letras tanto na narrativa –sobre todo no eido infantil e xuvenil- coma nos estudos literarios, no ensaio, na poesía e na didáctica da lingua e da literatura galegas.

Dende o centro todos os cursos realizamos distintos traballos para coñecer algo máis sobre a súa obra e a súa vida, tan arraigada á nosa cidade.



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018

Mestra de Língua,
Amiga dos nenos.
Rosa coma unha flor.
Imaxina moitas cousas.
Amorosa cos libros.

Viaxa cos libros.
Imaxina nenos felices.
Conta moitos contos.
Todo o que fai é para nenos.
O que escribe é para todos.
Realiza debuxos
Impresionantes e
Asombrosos.

Moita imaxinación!
O mundo é o seu amigo!
Remolonea entre libros
É moi divertida!
Ninguén a pode parar!
Os libros son a súa paixón!!!

MAR
ADIANTE

PS COLLA.
MAR
ADIANTE

Elena 2º curso



Este ano convocouse o **I CERTAME DE POESÍA** en galego, co obxecto de fomentar a creación literaria entre as alumnas e alumnos do Centro.

I CERTAME DE POEMAS

Finalistas

| TÍTULOS | AUTORES | CURSO |
|---------------------------|---------------------------|-------|
| Categoría A | | |
| O Verán | Marta Lores Casalderrey | 1ºA |
| A mariposiña | Altea Mauri Costa | 1ºA |
| Campo, terás que esperar | Emilia López Leal | 1ºA |
| A Paco o repolo | Pablo Touriño Bugallo | 1ºB |
| A primavera | Noa Prado Rojas | 1º |
| A luz | Sofía Vázquez Camino | 1º |
| Categoría B: | | |
| Todo o mundo | Maia Sanmartín Valiño | 2º |
| O verán | Roque Saavedra Omil | 2º |
| O sol | Pablo Barreiro Freire | 2º |
| Categoría C | | |
| O león | Clara Araújo Días | 3ºA |
| Poesía da paz | Mario Lago Beloso | 3ºA |
| A miña familia | Daniel Barros Suárez | 3ºA |
| O meu gato | Alba Trabazo Abelenda | 3ºB |
| Mulleres traballadoras | Sabela Pulgar Caneiro | 3ºB |
| O verán | Lucía Taboada Arjona | 3ºB |
| Categoría D | | |
| Os meus seres | Aisha Oshi Seco | 4º |
| A miña hamaca | Marcos Castillo González | 4º |
| O buscador de romeiro | Fidel López Leal | 4º |
| Categoría E | | |
| A vida é alegría | Iván Acuña Vázquez | 5ºA |
| Emigrar | Alejandro García Olañeta | 5ºA |
| Vida | Lía Illán Rodríguez | 5ºA |
| Un día normal | Lois Sanmartín Valiño | 5ºB |
| As letras, que maravilla! | Roque Pazos Fuentes | 5ºB |
| Outono | Carmen Ventoso Blanco | 5ºB |
| Categoría F | | |
| A imaxinación | Rosalía Domínguez Estévez | 6º |
| A flor da esperanza | Cristina Gómez Randulfe | 6º |
| O paxaro arco da vella | Miriam Oshi Seco | 6º |

Gañadores do I Certame de Poesía



Categoría A: **Emilia López Leal** "Campo, terás que esperar"

Categoría B: **Maia Sanmartín Valiño** "Todo o mundo"

Categoría C: **Mario Lago Beloso** "Poesía da paz"

Categoría D: **Fidel López Leal** "O buscador de romeiro"

Categoría E: **Lía Illán Rodríguez** "Vida"

Categoría F: **Rosalía Domínguez Estévez** "A imaxinación"

Equipo de Biblioteca e EDLG



IV CONCURSO DE CONTACONTOS

| FINALISTAS | CURSO |
|-------------------------------|--------------|
| Anxo Fernández Curra | 1º A |
| Uxía García Ferreira | 1º A |
| Lola Saavedra Fell | 1º B |
| Pablo Touriño Bougallo | 1º B |
| Elena Martínez Rodríguez | 2º |
| Antón García Fernández | 2º |
| Sofía Valle Danta | 2º |
| Mario Lago Beloso | 3º A |
| Nerea Fernández Gómez | 3º A |
| Alba Prado Rojas | 3º B |
| Alba Trabazo Abelenda | 3º B |
| Miguel Alonso Gago | 4º |
| Aixa Oshi Seco | 4º |
| Pedro Carramal Peña | 4º |
| Lía Illán Lía Illán Rodríguez | 5º A |
| Eva González Arza | 5º A |
| Adam Amir | 5º A |
| Clara Pulgar Caneiro | 5º B |
| Lois Sanmartín Valiño | 5º B |
| Lucas Vázquez Romero | 5º B |
| Irene Rodríguez Vence | 6º |
| Noa Fernández Curra | 6º |
| María Falcón Louzao | 6º |

GAÑADORES IV CONCURSO DE CONTACONTOS

| GAÑADORES | CURSO |
|----------------------|-------|
| Anxo Fernández Curra | 1ºA |
| Sofía Valle Danta | 2º |
| Mario Lago Beloso | 3ºA |
| Pedro Carramal Peña | 4º |
| Lía Illán Rodríguez | 5ºA |
| Noa Fernández Curra | 6º |



GRADUACIÓN DE INFANTIL

Despois de estar tres anos na nosa etapa de infantil toca o momento de pasar á primaria. Foron anos de moito xogo, de facer grandes amigos e amigas e de crecer moi rápido. Agora, o verán por diante e vémonos en setembro!



Despedida

Ata pronto

Os nenos/as de sexto se despiden despois de pasar moitos anos no colexio.



Paulo

Los 6 años que he estado aquí, todo ha sido un frenesí. Profesores aburridos, profesores extrovertidos, todos me habéis enseñado a ser humilde, y en mi aprendizaje a ser muy fluido



Santiago

La verdad es que me iré con un buen sabor de boca. Lo que más me gusto de 5º fue un gran amigo nuevo que llegó.



Rubén

Queridos Profesores y Profesoras, Compañeros y Compañeras hoy solo quiero despedirme de este colegio el cual ha sido una Aventura cada día gracias a los Profesores y sus cosas



Anxo

Grazas a vos crecín, ao voso lado fixenme maior e agora vou ir ao instituto onde seguirei crecendo pero o Froebel sempre terá un anaco no meu corazón.



Roi

Han pasado ya 9 años desde que llegué a este colegio y llegué asustado a el pero sin duda ese pensamiento fue cambiado totalmente. En esos años he conocido gente, gente que me alegraban los días, gente que se consideraban buenos amigos, gente con las que se pasaba muy bien...

BOA SORTE!

Despedida

Ata pronto

Os nenos/as de sexto se despiden despois de pasar moitos anos no colexio.



Hugo

Estos dos últimos anos me lo he pasado genial con el profe Xurxo, con sus trabajos, excursiones y experiencias guays que hemos vivido aquí en clase. Además de que recordaré los recreos que me he pasado jugando y charlando con mi mejor amigo Marcos



Nayara

Ningún profesor soportaba nuestro carácter ni personalidad por eso nos reñían tanto, hasta que llegó Xurxo, nuestro profesor favorito desde el primer día de 5o asta el último día de 6o, nos soportó un montón



Angelina

En todos estos años que he pasado aquí me lo he pasado muy bien. Conocí a mucha gente importante en mi vida y ha muchos profesores a lo largo del colegio, algunos me han caído mejor que otros.



Cristina

Mis compañeros y compañeras y profesores son lo que más voy a recordar junto con nuestros alocados recuerdos, yo me quedo con que somos la mejor clase que pasó por nuestro colegio aunque no sea así.



Noa

En los nueve años que llevo en el cole aun no estoy cansada ni de los profes, ni del ruido de los recreos, ni de cuando pienso en todas las veces que he suspendido exámenes, que me he llevado notas en la agenda para casa etc. Porque aunque odie algunas de esas cosas odio más la idea de tener que despedirme para siempre de mis amigos y mi querido colegio en el que llevo todos estos años.

BOA SORTE!

Despedida

Ata pronto

Os nenos/as de sexto se despiden despois de pasar moitos anos no colexio.



Daniela

Voy a echar de menos a los alumnos, profesores, y en especial a nuestro profesor Xurxo, quién se ha convertido en nuestro amigo del alma después de 2 años dándonos clase. Un consejo para los de 5º que pasareis a 6º : disfrutadlo. Disfrutadlo porque pasa rápido.



Ariana

Esto es como mi segunda casa ya que paso aquí 25 horas a la semana 5 horas cada día. Tengo tantas historias de las que me han pasado aquí que me da mucha pena dejarlo... No sé como lo pasaré el último día del colegio.



Miriam

Quero escribir un pouco sobre o profesor de Inglés, Manuel, que está entre os meus profesores favoritos e combina o humor co traballo e consegue un resultado perfecto e moi divertido. Por todo esto, este colexio encántame e terá un lugar sempre entre os meus recordos felices.



Lucía

Os vengo a dar las gracias solo y exclusivamente por ser paciente con nosotros. Porque a decir verdad, no se puede decir que 6º fuese el mejor curso en cuanto a comportamiento, pero si el curso mas divertido del colegio, y quizás, solo quizás, el mejor del mundo.



Pedro

Gracias a mis profesores por haber sido tan pacientes y dedicados conmigo. A mis compañeros que me acogieron desde el primer momento como un "amigo". A Rosa, por comprender mi situación de "extranjero" y facilitarme toda la ayuda necesaria. A Loli, por su dedicación siendo siempre tan positiva y eficiente. Por último a mi tutor Xurxo que sin él no lo hubiese conseguido.

BOA SORTE!



Despedida

Ata pronto

Os nenos/as de sexto se despiden despois de pasar moitos anos no colexio.



Marta

Estos dos últimos años me lo he pasado genial con el profe Xurxo, con sus trabajos, excursiones y experiencias guays que hemos vivido aquí en clase. Además de que recordaré los recreos que me he pasado jugando y charlando con mi mejor amigo Marcos



María

Para el próximo año quiero que todos continuéis siendo como sois unas personas magnificas con sus defectos y virtudes, ya que aunque solamente llevo un año con vosotros, me he sentido como si os conociera desde toda la vida, por eso muchas gracias a todos, porque os guardaré en mi corazón como un tesoro.



Irene

Aprendí que las cosas no son siempre lo que parecen y que siempre después de una pelea viene algo bueno y nos acabamos reconciliando; también aprendí que los profesores aunque algunos te caigan mejor y otros peor, son tus amigos no tus enemigos. Y sobre todo que la amistad y los recuerdos buenos son siempre lo mejor de las experiencias



Candela

Grazas por todos estos anos de diversión, grazas por cada un dos compañeiros que me diches aínda que algúns se foron outros viñeron, grazas polos profesores, sempre lograron divertirnos.
Grazas por todo



Iria

Quérolle mandar un saúdo, un biquiño e unha aperta a todos e a todas os que se tiveran que marchar de este belo colexio, porque eu creo que nunca na súa vida íano pasar mellor que no noso colexio, o C.E.I.P Froebel.

BOA SORTE!

Despedida

Ata pronto

Os nenos/as de sexto se despiden despois de pasar moitos anos no colexio.



Rosalía

He vivido muy buenos momentos inolvidables aquí, llenos tanto de risas y felicidad como momentos muy tristes. Y bueno... Por muy pronto que me parezca es la hora del adiós.



Yara

Hace bastante tiempo yo pensaba que este cole era muy aburrido pero ahora pienso que es el mejor colegio del mundo porque siempre recordare al cole como el mejor pero en está carta no me voy a olvidar de Rosa es la mejor orientadora y del mundo mundial.



Inés

Voume despedir dos amigos, profesores e dos lugares perdidos.

Lémbrome do primer día, a primeira vez que vin aquí cando era pequena pero todo cambiou, iso sí.



Marcos

Casi siempre te lo pasas bien con tus amigos menos cuando hay algún encontronazo. Todas las fiestas de este colegio son para pasárselo bien y yo sin duda me lo pase muy bien pero que muy bien.



Xurxo

Só quero darlle as grazas a estes rapaces e rapazas dos que tiven a sorte de ser titor dous anos da súa vida.

Grazas por todo o que vivimos xuntos, o que aprendimos e o que nos divertimos. Boa sorte no insti.

BOA SORTE!

GUÍA DE VERÁN 2017-18

INFANTIL

"Os nosos libros e bolígrafos son as nosas
armas máis poderosas"
(Malala Yosafzai)

Que teñades un
bo verán con
moooooitos
libros!!!



CEIP
PLURILINGÜE
FROEBEL

A vella na botella

Unha bruxa de pelo roxo, farta das queixas da súa veciña, decide un día lanzarlle un meigallo terrible e encerrala nunha botella.



O sorriso de Daniela

O sorriso deste conto ten ás e voa dun corazón a outro, dando ledicia a quen está triste, ánimo a quen se sente decaído... Porque o sorriso é contaxioso.

El topo que quería saber quien había hecho aquello en su cabeza

Todo comezou cando o topo asomou a cabeza polo seu tobo e caeulle aquilo gordo, marrón que parecía...



6-7 ANOS




El secuestro de la bibliotecaria

Uns bandidos secuestran á bela señorita Laburnum, a bibliotecaria, coa intención de pedir por ela ao concello un importante rescate, pero...

A partes iguais

Isto era unha moza que, á falta de traballo, botouse a andar en busca de fortuna. No medio dunha leira atopouse con Brazodegorila...



Menú de versos

Ofrece menús especiais: para os lambóns, para os folgazáns, para os estudosos, para os intelixentes, para os despistados ...

8-9 ANOS



Rubicundo

Cada noite Erea espertaba cun chii-chiiiii, o renxer característico da bicicleta do seu veciño e saltaba da cama para velo saír...i

Mar adiante

Unha mestra viña de poñer escola nun barco, o Arroás. No barco os nenos aprendían cousas que non viñan nos libros...



Mi primer libro de poesía

Os poetas axúdannos porque son magos que convierten en versos os sentimentos. Fano tan ben que, ao ler os seus poemas, as emocións pódense tocar cos dedos da alma.

10-11 ANOS



O segredo da Illa Negra
Sara vive nunha aldea da beiramar, onde a pesca é o único medio de vida. Un día os barcos comezan a vir baleiros, só hai peixes nas proximidades da Illa Negra, onde habita unha cruel Serea...



Nadie es un zombi
Waldemar Izcyszyn chega ao noso país procedente dos países do Leste. Pronto os seus compañeiros daranse conta de que non é coma eles: non ten dentes nin sangue...

Flora y Ulises

Unha atolada aventura chea de humor, pero tamén de tenrura que vos encantará.



Leonardo e os fontaneiros


Estas son as historias que lle suceden a Antón e mais a Leonardo. O primeiro é un estudante e o outro é un can que un día aparece por aí.



Los seis libros de oro
Vera é unha nena máis ben solitaria que vive co seu avó nunha casaña ás aforas do pobo que vai vivir una gran aventura.



Palabras do mar
Poemas que falan do mar: da area, das ondas, dos barcos, das sereas, e das escumas...



*Pídelle aos teus amigos que che adiquen unhas palabras



SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN e ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA